

# O MUNDO DOS LIBROS DENDE OS LIBROS

Carmen Pérez Pais

Universidade da Coruña

doi:10.17075/rcsxxi.2014.025



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA



## INTRODUCCIÓN

Abordar o mundo editorial dunha época leva en realidade a outros moitos mundos e, ademais, lévanos a buscar novos camiños de achegamento. Así, podemos enfocar o seu estudo tendo en conta a figura dos impresores, editores e tipógrafos, as imprentas (na súa dimensión empresarial), os sucesivos cambios técnicos e tecnolóxicos, o número de títulos publicados, os contidos temáticos, o deseño tipográfico, a distribución, os prezos, os autores, os lectores, as traducións, a crítica, etc.

O que se pretende neste traballo é achegar unha visión global da edición en Galicia nun período determinado (1855-1885), a partir dunha aproximación a unha clasificación en grandes grupos dos libros e impresos publicados nas sete cidades galegas: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Trátase de introducirse naqueles anos: Que se imprimía? Que obras eran as que se podían ver nas librerías, papelerías ou nos catálogos dos libreiros? Que títulos eran anunciados na prensa e nas revistas? Sobre que novos libros e impresos podía falar a xente? É, pois, un intento de trasladármolos ao século XIX e así tamén compartir o tempo de Rosalía de Castro.

Para iso tómase como fonte o *Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico Español* e como datas límites, 1855-1885. O inicio, 1855, cando Rosalía contaba con 18 anos, e 1885, o ano do seu falecemento.

Localidades	1855-1885
A Coruña	573
Ferrol	146
Santiago	971
Lugo	228
Ourense	154
Pontevedra	963
Vigo	135
<b>TOTAL</b>	<b>3170 títulos</b>

Táboa 1. Fonte *Catálogo Colectivo Bibliográfico Español*. Data final da busca: 16 abril 2013

O alto número de títulos de Pontevedra obedece ao elevado número de impresos conservados desta localidade, como, por exemplo, os anuncios de obras de teatros, e rexistrados no *Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico*.

## CLASIFICACIÓN DE LIBROS E IMPRESOS

Polo que atinxe ao carácter documental e ao contido da produción tipográfica galega entre 1855 e 1885, establecemos cinco grandes grupos. Trátase dos grupos fixados nun estudo anterior da edición ferrolá, que permitiron –coas debidas variacións ao longo do tempo– facer unha análise aproximativa e comparativa da produción impresa da cidade de Ferrol.

Os cinco conxuntos están integrados por:

1. Impresos de carácter administrativo e publicacións de institucións e asociacións.
2. Impresos e obras de carácter relixioso.
3. Libros de formación e científico-técnicos.
4. Obras de historia e ciencias sociais.
5. Ámbito da literatura e da lingua.

Con esta clasificación, que obviamente habería que subdividir e cuantificar, pódese ter unha visión significativa e de conxunto. Ademais, estaría outro gran grupo, o relativo á prensa, non abordado neste traballo.

### **1. Impresos de carácter administrativo e publicacións de institucións e asociacións**

Inclúense aquí diferentes tipos de documentos, xerados pola Administración e por organizacións, como reais cédulas e constitucións, escrituras de contratas, presupostos, regulamentos, estatutos, memorias, leis, recompilacións lexislativas, informes xurídicos, etc., e mais os boletíns oficias provinciais. Algúns destes documentos pertencen á categoría que hoxe cualificaríamos de «publicación oficial».

Non son propiamente libros, na maioría dos casos, pero son fundamentais para o sostemento das imprentas ou talleres tipográficos.

En xeral, as cidades con presenza de institucións oficiais e cun maior número de colectivos (asociacións, sociedades, etc.) son as que poden ter mais encargos ou contratos, estaríamos falando, polo tanto, principalmente das catro capitais de provincia, onde están as sedes das deputacións provinciais e outras institucións. A modo de exemplo, podemos mencionar:

- Reglamento del Círculo de las Artes de la Ciudad de Lugo. Lugo: [s.n.], 1870 (Imprenta de Juan A. Menéndez), 28 p.; 21 cm.

- Reglamento de la Sociedad de Socorros de Ferrol titulada La Honradez. Ferrol: [s.n.], 1873 (Estab. tip. de R. Pita), 28 p.; 21 cm.

- Cuerpo de la Guardia Municipal (Lugo). Reglamento de la Guardia Municipal de la Ciudad de Lugo. Lugo: [s.n.], 1862 (Soto Freire), 34 p.; 21 cm.

- Estatutos de la Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Pontevedra. Pontevedra: [s.n.], 1880 (Imprenta y comercio de A. Landín), 24 p.; 21 cm.

- Memoria sobre el presupuesto adicional al ordinario del año económico de 1879-80: provincia de Pontevedra. Pontevedra: [s.n.], 1880 (Imp. de Rogelio Quintáns), 9 p.; 22 cm.

- La Coruña (Provincia). Diputación Provincial. Reglamento para la organización y servicio de los peones camineros de caminos provinciales. Pontevedra: [s.n.], 1874 (Imprenta y Comercio de D. José A. Antúnez), 12 p.; 21 cm.

Destaca A Coruña neste grupo de publicacións, posiblemente por contar coa sede da Deputación Provincial, a Real Audiencia, o Concello, o Goberno Civil, entre outras institucións, e quizais por ter unha rede máis activa de organizacións. En definitiva, resultados que están en correspondencia co perfil da cidade. E, así, teríamos:

- Reglamento para la Casa de Misericordia de La Coruña: discutido y aprobado por la Excma. Diputación Provincial. Coruña: [s.n.], 1870 (Tipografía de la Casa de la Misericordia), 19 p.; 21 cm.

- Reglamento orgánico de las carreras civiles de la administración pública. Coruña: [s.n.], 1866 (Tipografía Galaica de los Sres. Brañas y F. y Miranda), 37 p.; 20 cm.

- Ley de 19 de Julio de 1849: unidad de pesas y medidas por el sistema métrico decimal. Coruña: [s.n.], 1868 (Establecimiento tipográfico de Puga), 125 p.; 22 cm.

- Memoria justificativa del proyecto de división judicial del territorio que comprende la Audiencia de La Coruña. Coruña: [s.n.], 1875 (Imprenta de J. Hernández y Grandal), 227 p., [1] f. pleg.; 17 cm.

- Informe oral pronunciado por Luciano Puga y Blanco en los días 4 y 5 de marzo de 1881 ante la Sala de lo Criminal de la Audiencia del distrito, en defensa de D. Manuel Curros Enríquez, procesado en el juzgado de primera instancia de Orense por supuesto delito contra el libre ejercicio de los cultos. La Coruña: [s.n.], 1881 (Imprenta de El Noroeste a cargo de Cástor Miguez), 36 p.; 32 cm. Precede al tít.: «Documento forense».

Neste grupo de publicacións debemos chamar a atención sobre Ferrol, onde a presenza da Mariña, institución que ten un alto grao de normalización nos seus procesos burocráticos e protocolarios, deu vida aos talleres tipográficos da cidade polos encargos de impresos, formularios, etc., ata o establecemento da imprenta da Mariña.

- Arsenal de Ferrol. Contrata para el suministro de los efectos necesarios para el completo armamento del crucero Navarra, a favor de don Jacinto Lacaci y Rivas, a 9 de julio de 1884. [Ferrol: s.n., s.a.] [7] p.; 31 cm. Texto datado en Ferrol, en 1884.

- Pliego de condiciones para subastar en licitación pública el suministro del carbón inglés de Cardiff que necesita la Marina, en la capital de este Departamento (Ferrol), en el mes de setiembre próximo. [Ferrol?: s.n., s.a.] [4] p.; 30 cm. Precede al tít.: «Intervención de Marina del Departamento de Ferrol». Texto datado en Ferrol, 1884.

A modo de conclusión, podemos apuntar a variedade na tipoloxía dos documentos e dos temas tratados, a participación de diferentes impresores e talleres tipográficos e a presenza innegable do castelán.

## 2. Impresos e obras de carácter relixioso

Abarca este apartado un amplo abano de publicacións: por un lado, novenas, cartas pastorais, catecismos, oracións, indulxencias, devocionarios, sermóns, etc.; e, por outro, obras de moral cristiá, ademais dos boletíns oficiais eclesiásticos. No primeiro caso, son impresos en xeral de poucas páxinas, mentres que no segundo superan o carácter de folleto (49 páxinas) e, ás veces, acadan dimensións relevantes.

Estas publicacións ocupan sempre unha parcela (maior ou menor) na historia da imprenta de toda localidade, aínda que hai diferenzas importantes entre as localidades, neste caso os postos destacados ocúpanos Santiago de Compostela e Lugo. A presenza das sedes eclesiásticas, en particular os bispados, os seminarios e os colexios relixiosos explicarían esta circunstancia. Algúns dos moitos exemplos que podemos extraer son os seguintes:

- Astete, Gaspar (S.I.) (1537-1601) Catecismo de la doctrina cristiana, escrito por Gaspar Astete; añadido con varias preguntas y respuestas por Gabriel M. de Luarca. Lugo: [s.n.], 1868 (Soto Freire), 48 p.; 15 cm.

- Catecismo de la doctrina cristiana, escrito por el P. Gaspar Astete; y añadido para su mayor declaración con varias preguntas y respuestas que se hallan entre estas señales por el Don Gabriel Menéndez de Luarca; aumentado con preguntas relativas a los dogmas de la Inmaculada Conc[epción] e infabilidad del Romano [Pon]tífice. Santiago: [s.n.], 1877 (Imprenta de José M. Paredes), 60 p. il.; 15 cm.

- Avisos importantísimos a los señores sacerdotes, especialmente a los párrocos y modo práctico de hacer el examen de conciencia los Sres. Sacerdotes: Santiago: [s.n.], 1882 (Imp. del Seminario Conciliar), 32 p.; 15 cm.

- Método teórico-práctico para rezar el Santo Rosario de difuntos en sufragio de las benditas ánimas del purgatorio / por D. Camilo Cabaleiro, presbítero. 2ª ed. Santiago: [s.n.], 1883 (Imp. del Seminario Conciliar Central), 8 p.

- Iglesia Católica [Breviarium] Die VII Martii in festo Sancti Thomae Aquinatis confessoris et ecclesiae doctoris. Compostellae: [s.n., s.a.] (Typographia Seminarii) [4] p.; 22 cm. Texto fechado el 14 de octubre de 1881.

- Modo de practicar el ejercicio del santo Vía-Crucis. Santiago: [s.n.], 1870 (Oficina Tipográfica de Manuel Mirás y Alvarez), 32 p. il.; 15 cm. Ilustración xil. de Jesucristo crucificado en antep.

- Botana, Sebastián. Novena del santísimo Cristo de la Victoria: que se venera en la Iglesia Colegiata de la ciudad de Vigo / por Sebastián Botana. Reimpreso en Vigo: [s.n.], 1870 (Inprensa [sic] de D. Ángel de Lema), 32 p.; 16 cm Grab. xil. en p. 3.

- Novena al dulcísimo director de las almas San Francisco de Sales, por un Padre de la Compañía de Jesús. Reimp. Santiago: un devoto del santo, 1864 (Imp. de Manuel Miras), 32 p.; 10 cm.

- Coll, José (O.F.M.) La indulgencia de Prociúncula: su historia e instrucciones para facilitarla a todos los fieles / por José Coll de la Regular Observancia de Nuestro Seráfico Padre San Francisco. 2ª ed. Santiago: [s.n.], 1884 (Imprenta del Seminario Conciliar), 77 p.; 13 cm.

- Montreal (Diócesis). Obispo (1840-1876: Ignacio Bourget). El liberalismo católico y sus periódicos / pastoral del señor obispo de Montreal (Canadá). Santiago: [s.n.], 1877 (Imprenta de José Mª Paredes), 19 p.; 17 cm.

- Panero Martínez, Manuel. El corazón de la infancia: máximas morales para las escuelas. Lugo: [s.n.], 1875 (Imp. Católica), 109 p.; 19 cm.

- Frassinetti, Joseph (1803-1868) [Compendio, 3] Compendio de la teología moral de San Alfonso Maria de Ligorio/ con notas y disertaciones por Jose Frassinetti; traducido de la cuarta edición italiana revisado por el autor; y aumentado con varios apéndices por el Lic. D. Ramón María García Abad. Lugo: [s.n.], 1872 (Imprenta de Soto Freire) T. (XXVIII, 384, [10] p.). T. II (490, [10] p.); 22 cm 2 t. en 1 v.

No grupo de impresos e publicacións de carácter relixioso, podemos resaltar o uso do latín, aínda que non en moito títulos. Este trazo apréciase, sobre todo, na edición compostelá. Pode haber reimpresións e sucesivas reimpresións, segundas edicións ou novas edicións corrixidas e aumentadas. E, nalgúns casos, recórrese aos gravados xilográficos, co fin de explicar ou facilitar a comprensión do texto. O pequeno formato é outra das características. Polo que atinxe ao tipo de documento, a relación de novenas é considerable e habitual en todas as localidades.

### 3. Libros de formación e científico-técnicos

Para entender este apartado hai que recordar a Lei de instrución pública de 1857, coñecida como Lei Moyano. Aínda que con anterioridade houbera antecedentes, esta lei foi o fundamento do ordenamento lexislativo no sistema educativo español durante máis de cen anos, ao establecer os seguintes postulados:

- Ensinanza primaria, en teoría obrigatoria ata os 12 anos e gratuíta para os que non puidesen pagala, pero que na práctica dependerá da iniciativa dos municipios ou da iniciativa privada.
- Ensinanza secundaria (ensinanza media, na que se prevé a apertura de institutos de bacharelato e das denominadas escolas normais de maxisterio en cada capital de provincia, ademais de permitir a ensinanza privada nos colexios relixiosos).
- Educación superior nas universidades (cuxa xestión resérvase para o Estado).

Polo tanto, a lei promulgada por iniciativa de Claudio Moyano é fundamental non só no plano educativo e outros moitos (sociolóxico, político, económico), senón tamén para o mundo editorial dende distintas perspectivas: a) impulsará a publicación de manuais de distintos niveis educativos e a impresión de material escolar; b) contribuirá extraordinariamente ao incremento de lectores; c) e consolidará ou creará institucións educativas (escolas, institutos, escolas de maxisterio, colexios relixiosos, bibliotecas) que á vez retroalimentarán a necesidade de libros. A modo de breve suxestión, recordemos a creación do Instituto da Coruña no ano 1862 e o ingreso como profesor do destacado naturalista Víctor López Seoane.

No grupo de libros científico-técnicos e obras de formación están os manuais, programas de materias, cartillas escolares e obras de divulgación, como:

- Casal y Amenedo, Ramón. Ejercicios de análisis literario y colección de piezas selectas en prosa y composiciones poéticas castellanas. 2.<sup>a</sup> ed. corr. y aum. Coruña: [s.n.], 1883 (Imprenta de la Casa de Misericordia), 646 p.; 21 cm.

- Iglesia González, Francisco María de la. La llave del saber: método popular, racional y silábico de lectura por el cual los profesores, ahorrando infinitas molestias pueden enseñar a leer en quince días. 2.<sup>a</sup> ed. con un breve resumen de todas las ciencias y artes mas importantes. Coruña: Diputación Provincial, 1873 (Tipografía de la Casa de Misericordia), 40 p.; 17 cm. En la cub.: «Instruir para mejorar».

- Juncal, José Benito; Cuveiro González, Claudio. Tratado de la buena educación o sean Reglas para conducirse los niños en sociedad. 2.<sup>a</sup> ed. Pontevedra: [s.n.], 1874 (Imprenta del Siglo), 80 p.; 16 cm.

- García González, Luis. Lecciones de matemáticas elementales Segunda parte Geometría y Trigonometría. 2.<sup>a</sup> ed. Lugo: [s.n.], 1884 (Imprenta de Soto Freire, á cargo de Juan María Bravos), 470 p. il.; 22 cm.

- Varela de la Iglesia, Teodoro. Programa de las lecciones de aritmética y álgebra explicadas en el Instituto de 2.<sup>a</sup> Enseñanza de Pontevedra. Pontevedra: [s.n.], 1883 (Imp. de J. Millán), 44 p., [1] f. pleg.; 22 cm.

- Castro, Perfecta. Nociones de historia de España: programa de las lecciones de dicha asignatura para las alumnas matriculadas en el segundo curso de enseñanza elemental. Pontevedra: [s.n.], 1883 (Establecimiento Tipográfico de José M. Madrigal) 7 p.; 21 cm. Precede al tít.: Escuela Normal Superior de Maestras de Pontevedra.

- Brunet y Talleda, Antonio (1827-1876). Curso de farmacia químico-orgánica. Santiago de Compostela: [s.n.], 1867 (Estab. Tip. de José M. Paredes), 960 p.; 22 cm.

- Sieiro González, Juan. Psicología y Lógica. Orense: [s.n.], 1872 (Imprenta de D. Gregorio Rionegro Lozano y C.), 295, [8] p.; 18 cm. (Lecciones de filosofía).

- Ares de Praga, Aureliano. Método simultáneo: libro completo para la enseñanza de la lectura, escritura y ortografía. Orense: [s.n.], 1879 (estab. Tip. de A. Otero).

- Consejos de agricultura, por el agrimensor don Juan de la Coba Gómez. Orense: [s.n.], 1868 (Imprenta de D. Francisco Paz), 8 p.

Figuran neste apartado os títulos de Víctor López Seoane: *Aves nuevas de Galicia* (La Coruña: [s.n.], 1870 (Imprenta y Estereotipia de Vicente Abad) 11 p.;

21 cm), *Revisión del catálogo de las aves de Andalucía* (La Coruña: [s.n.], 1870 (Imprenta y Estereotipia de Vicente Abad) 18 p.; 20 cm) e *Notas para la fauna gallega* (Ferrol: [s.n.], 1877 (Imp. de El Eco Ferrolano) 16 p.; 22 cm. En la cub.: 1878). Tamén están aquí libros de ciencias puras, tecnoloxías e publicacións relativas ao sistema métrico-decimal:

- España [Ley de pesas y medidas, 1849] Ley de 19 de Julio de 1849: unidad de pesas y medidas por el sistema métrico decimal. Coruña: [s.n.], 1868 (Establecimiento tipográfico de Puga), 125 p.; 22 cm.

- Cabanas, Javier. Sistema métrico decimal o Nuevo sistema de pesas, medidas y monedas y su correspondencia recíproca con las actuales. 2ª ed. corr. y aum. Santiago: [s.n.], 1859 (Imp. de Jacobo Souto e hijo), 120, [15] p.; 16 cm.

Títulos relativos ao sistema métrico decimal aparecen en varias localidades galegas, evidencia tanto da súa necesidade como da reticencia á súa implantación. *La Voz de Galicia*, 22 abril 1883, así o expresa: «Vencido el plazo para el cambio de sistema métrico el comercio aún funciona con el antiguo».

De maneira ampla e global, podemos considerar os regulamentos, as memorias dos centros docentes e os discursos de apertura de curso na universidade, nas escolas e nos institutos. Hai unha longa relación de memorias e discursos dos institutos das catro capitais de provincia. Exemplos:

- Reglamento para el régimen y gobierno interior de la Escuela Normal Superior de Maestras de la Coruña: aprobado por el excmo. sr. rector de la Universidad de Santiago en 6 de mayo de 1878. Coruña: [s.n.], 1878 (tipografía Galaica).

- Instituto de Segunda Enseñanza de Pontevedra. Memoria acerca del estado del Instituto de Segunda Enseñanza de Pontevedra y de su colegio de internos / leída el 1º de octubre de 1870 en el acto solemne de apertura del curso de 1870 a 1871 por el Dr. Luis María Sobrino. Pontevedra: [s.n.], 1870 (Imprenta del Siglo) 48 p.; 21 cm.

- Discurso leído el día 2 de octubre de 1871 en el acto de apertura del curso de 1871 a 1872 en la Escuela de Bellas Artes de la Coruña por D. Faustino Domínguez. La Coruña: [s.n.], 1872 (Imp. de Domingo Puga).

- Andrey y de Sierra, José. Discurso pronunciado el día primero de Octubre de 1860 en la solemne inauguración de la Universidad Literaria de Santiago. Santiago: [s.n.], 1860 (Imp. de Manuel Mirás), 38 p.; 29 cm. Discursos leídos en la Universidad Literaria de Santiago. Tít. del discurso: «¿Habrá llenado la medicina en su desenvolvimiento antiguo y moderno su elevada y trascendental misión...?».

Poderíamos tamén considerar as obras de referencia e de apoio ao ensino, como son as enciclopedias e dicionarios de lingua:

- Berasategui, José María. Vocabulario latino-español de los más completos: arreglado para uso de los jóvenes que se dedican al estudio del latín. 1.<sup>a</sup> ed. Pontevedra: Imp. y Libr<sup>a</sup> de A. Landín, 1880, 235 p.; 21 cm.

- Valladares Núñez, Marcial (1821-1903). Dicionario gallego-castellano. Santiago: [s.n.], 1884 (Imprenta del Seminario Conciliar Central) [4], IX, [1], 648 p.; 24 cm.

Os libros de formación e científico-técnicos ofrecen obras de poucas páxinas, pero tamén poden ser extensas, incluso de máis dun volume, con segundas edicións, edicións aumentadas e corrixidas, con ilustracións. A lingua maioritaria é o castelán, pero hai tamén exemplares en latín. En xeral, trátase de libros ben estruturados, con índices e fe de erratas. Algúns títulos están especialmente dirixidos a «alumnas», son os casos en que é posible atopar mulleres autoras dos textos.

En Galicia, as cidades máis beneficiadas foron as catro capitais de provincia, onde se crearon os institutos de bacharelato e as escolas normais, Santiago de Compostela como sede universitaria. Ferrol e Vigo quedan fóra deste marco se ben Ferrol contará coa presenza da Mariña e das súas escolas.

Hai unha porcentaxe relevante deste grupo de publicacións nas relacións bibliográficas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela: estaríamos falando principalmente de libros e material para o ensino primario

e secundario, e para os futuros mestres. Santiago de Compostela destaca polas publicacións orientadas ao mundo académico.

É este un apartado que particulariza e distingue a historia da imprenta en Ferrol. O caso de Ferrol serve para mostrar as características da edición científico-técnica. O Arsenal e a Mariña, coas súas diversas necesidades de formación, impulsaron a elaboración, tradución (nalgúns casos) e impresión de textos para cumprir cos diferentes programas educativos.

Á relación de manuais poderíanse engadir tamén as descrições e narracións de batallas navais, historias da navegación, etc. Nunha primeira análise, que merece dun estudo máis profundo e comparativo, son varios os trazos que se poden enumerar destes libros: A) O rigor requirido na elaboración do contido, na composición tipográfica e na impresión. O apartado de «Fe de erratas» convértese nunha peza necesaria para resolver os fallos detectados. B) As ilustracións e figuras resultan imprescindibles; atópanse ao longo do texto, intercaladas nas páxinas que ocupan por completo ou situadas ao final do exemplar, incluso algúns desprezables. C) A esmerada, en moitos casos, descripción e identificación de cada uno dos elementos que figuran na ilustración, sexa dunha parte dun barco ou dunha máquina; paradigmático neste sentido podemos considerar a obra de Andrés Avelino Comerma, *Curso práctico de construcción naval* (Imp. de El Eco Ferrolano de D. F. Suárez y García, 1868, 2 volumes). D) Varios dos títulos publicados correspóndense cos programas oficiais, a cuxa normativa se axustan e así o adoitan anunciar na cuberta ou na portada. E) Hai unha forte estruturación no contido, de acordo coas partes do programa ou conceptos que se queiran desenvolver. F) Algúns textos son traducións de autores franceses ou ingleses. G) Os capítulos poden terminar con algún exemplo ou problema que, ás veces, ocupa máis dunha páxina. H) Con frecuencia figura unha dedicatoria aos xefes. I) Adoita haber un índice desenvolvido e ben estruturado. L) A maioría dos autores e tradutores son profesores ou membros da Armada nalgunha categoría.

Na edición de libros técnicos e obras de texto destaca, nalgunha medida, a imprenta de R. Pita, quen, nalgún pé de imprenta, sinala precisamente a condición de «impresor y librero de Marina del Departamento».

No transcurso do tempo, as ilustracións e figuras resultarán cada vez máis imprescindibles, haberá unha renovación dos textos segundo avanza os coñe-

cementos. Os libros xiran sobre xeometría, aritmética, construción naval e, nos últimos anos, sobre electricidade.

#### 4. Historia e ciencias sociais

Englobamos neste grupo as obras de historia propiamente ditas e as relativas aos estudos que teñan que ver con Galicia, co patrimonio artístico, biografías e estudos de ciencias sociais, como dereito. Poñemos a énfase na historia. Neste grupo temos, polo tanto, os libros sobre historia de Galicia, sobre historia local e, tamén, aparecen outros temas, como a Guerra de Independencia, a Inquisición, etc.

Entre outros títulos, a modo de exemplo, relaciónanse os seguintes:

- *Historia de Galicia* de Benito Vicetto, publicada en Ferrol na imprenta de Nicasio Taxonera. Convén chamar atención acerca de que esta obra, de sete tomos en cinco volumes, en formato de 26 centímetros, publícase ao longo de varios anos, 1865-1873. Recorreuse á fórmula da subscrición para poder financiarla, unha vía utilizada con frecuencia ao tratarse de obras dunha grande extensión. Poucos anos despois, 1880-1882, sería publicada en Montevideo, na Imprenta de La Colonia Española.

- *Estudios sobre la época céltica* (Ferrol: Imprenta y Litografía de Taxonera, 1867) de Leandro de Saralegui y Medina, unha obra da que se chegará a facer unha terceira edición en 1894, nesta ocasión na imprenta de R. Pita.

- *Historia de Galicia* de Manuel Murguía. Lugo: Imprenta de Soto Freire, editor, 1865-1891, 5 volumes.

- Proxecto inconcluso da *Historia de Ferrol* de Victorino Novo y García, editada por José María Abizanda en 1883 e impresa nos talleres de El Correo Gallego.

- Villa-Amil y Castro, José. *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*. Lugo: [s.n.], 1873 (Imprenta de Soto Freire), XVI, 80 p., 5 h. de lám. las h. de grab. Litogr.: «Lit.: J. Osterberger, Santiago».

- Álvarez Giménez, Emilio (1830-1911). Biografía del R. P. Fray Martin Sarmiento y noticia de sus obras impresas y manuscritas, con indicación de los Archivos y Bibliotecas en donde se hallan. Pontevedra: [s.n.], 1884 (Imp.

de José Millan) 47 p., [1] de lám. de grab.; 22 cm. En port.: Obra premiada en los Juegos Florales de Pontevedra de agosto de 1884. Las h. de grab. calc.: «Fray Martín Sarmiento».

- Cronología antigua de los sucesos más importantes del mundo hasta el Imperio Romano: con los nombres de los emperadores y emperatrices, invención de la moneda y valor de los maravedís viejos/datos recojidos por la redacción de El Radical. Pontevedra: [s.n.], 1871 (Imprenta del Siglo), 44 p.; 17 cm.

- Ulloa, Darío (1848-1903). Biografías gallegas: historia y hechos de los personajes más importantes del país. Pontevedra: [Don José A. Antúnez editor], 1876 (Estab. tip. de don José A. Antúnez), 76 p., [6] h. de grab.; 33 cm. Son las 6 primeras entregas. El ed. consta en cub. Las h. de grab. retrato de los biografiados: «J. Cebrián lit., Lit. Santos González, Sta. Clara 8, Madrid».

- Carril y Campero, Manuel. Dos palabras sobre la pena de muerte. Orense: [s.n.], 1876 (Imp. de La Propaganda Gallega), 30 p.

- Paz Novoa, Juan Manuel. Los foros de Galicia: apuntes sobre la actual organización de la propiedad territorial en estas cuatro provincias y necesidad de su reforma. Orense: [Librería de D. Vicente Miranda], 1872 (Imprenta de D. Francisco Paz) 63 p.; 23 cm. Ed. tomado de cub. También en cub.: «Madrid: Librería de C. Bailly-Bailliere; Santiago: Librería de Bernardo Escrib».

- Vázquez, Arturo. Guía del viajero en Orense y su provincia. Orense: [s.n.], 1881. (Tipografía de Antonio Otero) 98, [14] p.; 15 cm.

## 5. **Ámbito da literatura e da lingua**

Nesta categoría entra narrativa, poesía, teatro, zarzuela e ópera, premios literarios, gramáticas, diccionarios, etc. É un apartado que presenta unha importante produción, en todos os países e en todos os tempos.

Un capítulo significativo é o da novela, comercializada ben polo procedemento de entregas ou mediante a inclusión nos periódicos baixo a fórmula de folletín. No último terzo do século XIX, increméntase o éxito deste tipo de publicación, pensado para un público máis amplo e con menos poder adquisitivo. Moitos dos autores resúltannos hoxe completamente descoñecidos aínda que no seu momen-

to gozaron do favor do público, outros, porén, permanecen como mestres do xénero ou son coñecidos por diversas actividades, como é o caso de José Ortega y Munilla, autor de *Lucio Tréllez*, publicada en 1880 na Biblioteca del Diario del Ferrol na imprenta de Taxonera, pero tamén noutras localidades españolas.

Figuran autores de traxectoria local como Francisco Suárez García e as súas voluminosas novelas de *Los demócratas o El Angel de la libertad: novela original* (Imprenta de Taxonera, 1863, 917 p. y 10 h. de lám. As follas de lámina son de Litografía Taxonera) e *Los invasores* (Ferrol, 1867), unha ampla relación de autores galegos, españois e algúns estranxeiros.

Neste apartado ocupan unha extensa relación as novelas, a poesía e as lendas:

- Vicetto, Benito. *El último Roade*. Ferrol: Est. tip. de Pita, 1867.

- Balzac, Honoré de (1799-1850). *Jesucristo en Flandes*. Coruña: [s.n.], 1883 (Establecimiento tipográfico de la Voz de Galicia), 20 p.; 21 cm. (Biblioteca de la Voz de Galicia).

- Pérez Reoyo y Soto, Narcisa. *Cantos de la infancia: colección de poesías / de la Señorita Doña Narcisa Perez Reoyo y Soto; [prólogo de Manuel Murguía]*. La Coruña: [s.n.], 1865 (Tipografía Galaica), 236 p.; 14 cm. Folletín de El avisador.

- Brañas, Gonzalo. *El primero y último beso*. Coruña: [s.n.], 1867 (Tipografía Galaica), 116 p.; 13 cm. Folletín de El avisador.

- Dumas, Alexandre (1802-1870). *Historia de un muerto contada por él mismo*. Coruña: [s.n.], 1877 (establecimiento tipográfico de Vicente Abad) 24 p.; 17 cm. Biblioteca de El Telegrama.

- Du Maret, Esmenard. *El Timonel del «Volador»: novela histórica, escrita en francés por Esmenard du Maret y traducida al castellano por H.A.C. Pontevedra: [s.n.], 1869 (Imprenta de Antúnez y Compa), 29 p.; 23 cm.*

- Dickens, Charles (1812-1870). *Cántico de Noche-Buena*. Pontevedra: [s.n., s.a.] (Imp. de Rogelio Quintans), 162 p.; 17 cm.

- Jeanne, Gustavo Alfonso. *Bartolomé: memorias de un huérfano, por D. Gustavo Alfonso Jeanne; traducida por Julia Jeanne*. 4.<sup>a</sup> ed. Pontevedra: [s.n., s.a.] (tip. Carragal Hnos.), 31 p.; 16 cm.

- Sinués, María del Pilar (1835-1893). Santa Teresa de Jesús: leyenda biográfica / por D. Maria Pilar Sinués de Marco. Pontevedra: [s.n.], 1868 (Imprenta de Antunez y Compañía), 72 p.; 16 cm.

- Una querida de Carlos II, novela traducida del francés por Juan María Neira. Vigo: [s.n.], 1862 (Imp. y encuad. de D. J. Compañel), 100 p. [Folletín de El Miño].

- Teverino/ fantasía escrita en francés por Jorge Sand. Vigo: [s.n.], 1870 (Establec. Tipog. de D. Juan Compañel), 160 p.

- Fuchey, Augusto. Un duelo frustrado. Traducción de Emilia Quintero y Calé. Vigo: [s.n.], 1880 (Imp. de M. Fernández Dios), 17 p.; 18 cm [Biblioteca de La Concordia].

- Dato Muruais, Filomena. La letanía lauretana: en verso. Orense: [s.n.], 1877 (Imp. de La Propaganda Gallega), 14, [1] p.; 15 cm.

- Corona fúnebre a la memoria del inspirado escritor y poeta gallego Teodosio Vesteiro Torres, con la colaboración de distinguidos escriiotes [sic] de Galicia; e ilustrada con una fotografía del ilustre muerto, reproducida por Bocconi. Orense: [s.n.], 1877 (Estab. tip. de la Propaganda Gallega), X, 81 p., 1 h. de lám.; 21 cm. La h. de lám. es un retrato del autor.

- Reseña del Certamen literario celebrado en Orense el día 8 de octubre de 1876 en honor del R.P.M. Fray Benito Jerónimo Feijóo. Orense: Imprenta y librería de Gregorio Rionegro Lozano, 1877.

Por suposto, aquí entraría toda a produción de Rosalía de Castro (*Cantares gallegos, El caballero de las botas azules...*). E xunto con Rosalía figuran os nomes doutras escritoras como Emilia Pardo Bazán, Emilia Calé, Narcisa Pérez Reoyo, Filomena Dato Muruais, George Sand, etc.

Hai que destacar a extensa produción de comedias e zarzuelas, con significativas referencias ao éxito das estreas e actuacións, así como follas de publicidade e programas de man.

- Abuín y Valín, Eduardo. La gatita mansa: juguete cómico en un acto y en verso. Coruña: [s.n.], 1879 (Establecimiento tipográfico de V. Abad) 41 p.; 19 cm. Biblioteca de El Telegrama. En port.: Estrenado con extraordinario éxito la noche del 20 de noviembre de 1871 en el teatro de Eslava.

- Teatro Principal: gran compañía cómico-dramática dirigida por el notable primer actor Don Emilio Villegas. Lugo: [s.n., s.a.] (Tip. de A. Villamarín), [4] p.; 22 cm.

- Libreto de La Jerusalem: opera seria en cuatro actos que se ha de representar en el Teatro Principal de La Coruña. Coruña: [s.n.], 1861 (est. tip. de Fuga), 15 p.; 21 cm.

- Muruais, Andrés (1851-1882). La hija del timonel: drama en dos actos, original y en verso. Orense: [s.n.], 1878 (Imp. de la Propaganda Gallega), 42 p.; 22 cm. El heraldo gallego.

Por último, temos que facer referencia aos dicionarios e gramáticas, a modo de exemplo:

- *Diccionario de escritores gallegos* de Manuel Murguía, editado por Compañel, 1862.

- Arce, Juan Antonio. Gramática gallega. Lugo: [s.n.], 1868 (Imp. de Soto Freire) XI, 313 p.; 24 cm.

- Valladares Núñez, Marcial (1821-1903). Diccionario gallego-castellano. Santiago: [s.n.], 1884 (Imprenta del Seminario Conciliar Central) [4], IX, [1], 648 p.; 24 cm.

Como conclusión recordemos que, ao longo de todo o século XIX, case todos os editores e case todas as imprentas galegas, en maior ou menor grao, realizaron unha ampla gama de traballos, que cubría diferentes campos: periódicos, libros, folletos, impresos, follas soltas, programas de man, carteis, etiquetas, adhesivos, etc. En moitos casos, as imprentas engadían a tarefa da litografía, da librería e papelería; facían publicidade dos seus produtos e dos seus establecementos, ás veces nas propias obras, pero, sobre todo, nos periódicos. O papel e o impreso tiñan espazo na vida cotiá do tempo de Rosalía. E, aínda que a presenza de mulleres era mínima no mundo dos libros, nela destacou entón e agora Rosalía.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1991): *Galicia. Historia*, A Coruña, Hércules Ediciones, vol. 5-8.
- CATÁLOGO Colectivo del Patrimonio Bibliográfico Español (<http://www.mcu.es/bibliotecas/MC/CCPB/index.html>).
- COSTA RICO, Antón (2004): *Historia da educación e da cultural en Galicia*, Vigo, Xerais.
- DEGU: *Diccionario enciclopédico galego universal* (2003): Vigo, Ir Indo.
- GRAN Enciclopedia Gallega (1974-2006): Santiago de Compostela, Gran Enciclopedia Gallega.
- HISTORIA ilustrada del libro español. La edición moderna. Siglos XIX y XX (1996): Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- MALVAR LEMA, Juan / Manuel SEIJOSO (1996): «La imprenta en Ferrol a partir del siglo XIX», *Ferrol Análisis*, 9, 28-61.
- MERINO NAVARRO, José Patricio (1977): «Introducción a la imprenta en El Ferrol», en *Primeras Jornadas de Bibliografía: celebradas los días 24 al 26 de mayo de 1976 en la Fundación Universitaria Española*, Madrid, Fundación Universitaria Española, Seminario Menéndez Pelayo, 549-559.
- PÉREZ PAIS, M.<sup>a</sup> Carmen (2008): «La edición en Ferrol: una propuesta metodológica», en Elena Alfaya Lamas (ed.), *De la información al conocimiento: investigación documental aplicada*, Ferrol, Elena Alfaya Lamas, 227-258.
- PÉREZ PAIS, M.<sup>a</sup> Carmen / Carmen PORTA LOSADA (2009): «Las mujeres en la edición de Ferrol», en Concepción García Caro / Josefina Vilchez Prado (coords.), *Homenaje a Isabel de Torres Ramírez: estudios de documentación dedicados a su memoria*, Granada, Editorial Universidad de Granada, [627]-645.
- RAMIL, Emilio / Francisco Javier PÉREZ RODRÍGUEZ / Juan A. GRANADOS LOUREDA / Juan A. RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO / Guillermo LLORCA FREIRE (1998): *Historia de Ferrol*, Perillo-Oleiros (A Coruña), Vía Láctea Editorial.
- SOTO FREIRE, Manuel (1998): *La imprenta en Galicia: ensayo bibliográfico*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Promoción Cultural.

